

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Liquidación do prezo público por escolas culturais e deportivas do mes de maio de 2026, por importe total de 4.483,00 €

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2026/X999/000081

Por resolución ditada o 25 de maio de 2026, Decreto nº 230/2026, o Sr. Alcalde resolveu:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón de contribuíntes, obrigados ao pago, polos prezos públicos derivados actividades incluídas nas Escolas Culturais, Deportivas e Educativas, correspondentes ao de maio do ano 2026, así como as liquidacións integrantes deste, por importe global de 4.483,00 €

SEGUNDO.- A partir da data de sinatura do presente decreto, segundo o sistema de domiciliación bancaria, nos números de conta adxuntados polos usuarios, levaráanse as citadas liquidacións a través da conta aberta a nome do Concello de Carral na entidade bancaria Banco Sabadell, con IBAN ES93-0081-2190-8900-0105-5007.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Intervención-Tesourería se proceda á realización dos trámites precisos para a súa exacción.

CUARTO.- Notificar de forma colectiva as liquidacións e o anuncio de cobranza en voluntaria do ingreso de Dereito Público anterior polos medios habituais, xunto coa súa publicación no el Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios da Entidade.

Concello de Carral, 25 de maio de 2026

O alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2026/3417